

# NOTA DA VIGAIRÍA XERAL

## SOBRE AS MEDIDAS DE PREVENCIÓN PUBLICADAS NO DOG O 21-10-2020

O DOG publicado onte establece, con carácter xeral, o **nivel 2 de restricións en toda Galicia**; ademais limita “**os grupos** para o desenvolvemento de calquera actividade ou evento de carácter familiar ou social na vía pública, espazos de uso público ou espazos privados, **a un máximo de cinco persoas**”.

Despois de consultar á Consellería de Sanidade, as repercusións que estas medidas teñen para os ámbitos pastorais, son:

### Lugares de culto

- «A asistencia a lugares de culto non poderá superar o **cincuenta por cento da súa capacidade**. A capacidade máxima deberá publicarse en lugar visible do espazo destinado ao culto».
- «**Non se poderá utilizar o exterior** dos edificios nin a vía pública para a celebración de actos de culto».
- Ademais hai que seguir mantendo as mesmas medidas que ata agora estaban en vigor relativas á distancia de seguridade (1,5m.), ao uso obrigatorio da máscara, á limpeza das mans con xel hidroalcohólico e á desinfección do espazo despois de cada uso.

### Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas

- «No caso de que estas cerimonias ou celebracións se leven a cabo en lugares de culto, deberán aplicarse as regras de capacidade e as medidas de hixiene e prevención na celebración de actos de culto relixioso recollidas especificamente nesta orde» (**50% da capacidade do templo**).
- Equipáranse ás vodas outras cerimonias de carácter social; por tales podemos entender: comuñóns, confirmacións, ordes sagradas, funerais, etc.
- «**Deberanse evitar, en calquera caso, as aglomeracións á entrada e saída dos lugares de culto**».

### Enterros e velorios

- «A participación na comitiva para o **enterramento** ou despedida para cremación da persoa falecida **restrínxese a un máximo de vinte e cinco persoas**, entre familiares e achegados, sexan ou non conviventes, ademais, de ser o caso, do ministro de culto ou persoa asimilada da confesión respectiva para a práctica dos ritos funerarios de despedida do defunto».
- «Os **velorios** poderán realizarse en todo tipo de instalacións, públicas ou privadas, debidamente habilitadas, cun límite máximo, en cada momento, de **vinte e cinco persoas en espazos ao aire libre ou de dez persoas en espazos pechados**, sexan ou non conviventes».

### Festas e verbenas

- «Acórdase o **peche das actividades de festas**, verbenas e outros eventos populares».

### **Conferencias, encontros, reunións, congresos e actos similares**

- «Poderanse celebrar sempre que non se supere o cincuenta por cento da capacidade permitida do lugar de celebración e cun límite máximo de sesenta persoas para lugares pechados e de cento cincuenta persoas se se trata de actividades ao aire libre».

### **Catequese**

- Se a catequese se desenvolve en locais similares a aulas escolares, **os grupos da catequese quedan reducidos a cinco catequizandos máis o/a catequista.**

- Se a catequese se desenvolve no templo parroquial pódese:

- a) Dividir aos catequizandos en varios grupos de cinco.

Os membros de cada grupo deben manter a distancia de 1,5 m. E os grupos entre si unha separación de 3 m.

En calquera caso nunca se pode superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida para o templo.

Se o templo ten un corredor central o/a catequista pode situarse nese corredor e impartir catequese para dous grupos, un situado na ringleira dereita e outro na esquerda; se hai máis de dous grupos, esa mesma distribución pódese repetir con outros catequistas ata completar a capacidade da igrexa.

- b) Realizar unha catequese conxunta para todos.

Neste caso os catequizandos deben manter entre eles a distancia 1,5 m. Nunca se debe superar o cincuenta por cento da capacidade máxima permitida para o templo.

(A norma é similar para bibliotecas, salas de exposicións, monumentos e equipamentos culturais).

### **Persoas maiores de 75 anos**

- «Recoméndaselles ás persoas maiores de 75 anos, ás persoas vulnerables ao COVID-19 e a aquelas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que presenten algunha alteración que faga inviable a súa utilización, que eviten na súa actividade diaria as saídas nas horas de previsible afluencia ou concentración de persoas na vía pública e en espazos ou establecementos abertos ao público, co fin de reducir os riscos derivados da coincidencia con outras persoas».

**Estas disposicións manterán a súa eficacia por un período de catorce días naturais, a contar desde a súa entrada en vigor, as 00.00 horas do 22 de outubro de 2020; aínda que a Consellería poderá modificar (endurecer) ou levantar estas medidas antes dese tempo segundo a evolución da situación sanitaria.**

# MEDIDAS DE PREVENCIÓN PUBLICADAS NO DOG O 21-10-2020

## Lugares de culto



50% da súa capacidade, e deberá publicarse en lugar visible.

**Non se poderá utilizar o exterior** para a celebración de actos de culto.

Hai que seguir mantendo as medidas de distancia, máscara, xel e desinfección.

## Cerimonias nupciais e outras celebracións relixiosas



50% da súa capacidade.

Equipárase ás vodas: comuñóns, confirmacións, funerais, etc.

Deberanse evitar **as aglomeracións á entrada e saída**.

## Enterros



No cemiterio máximo de **25 persoas**, entre familiares e achegados.

## Festas e verbenas



Quedan suspendidas **as festas** e verbenas.

## Conferencias, encontros, reunións, congresos e actos similares



Pódense celebrar sen superar o **50% da capacidade** permitida.


Límite **máximo de 60 persoas**.

## Catequese



Catequese nas salas ou aulas. Os grupos da catequese quedan reducidos a cinco catequizandos máis o catequista.

Hai que seguir mantendo as medidas de distancia, máscara, xel e desinfección.



Catequese no templo parroquial dividindo aos catequizandos en grupos de 5

Os grupos deben manter entre si tres metros de distancia.



Se o templo ten un corredor central a catequista pode situarse nel e impartir catequese para dous grupos, un situado na ringleira dereita e outro na esquerda.



En calquera caso nunca se pode superar o 50% da capacidade permitida.



Catequese conxunta no templo parroquial.

Os catequizandos sentan como se fora nun acto de culto.

Non se pode superar o 50% da capacidade máxima do templo.

## Persoas maiores de 75 anos



Maiores de 75 anos ou en situación de risco.

Evitar as concentración de persoas na vía pública e en espazos abertos ao público.

**Estas disposicións estarán en vigor 15 días**